

JESÚS AMADOR VALDÉS DÍAZ DE VILLEGAS\_(jesus.valdes@ibero.mx)\_Departamento de Estudios Empresariais, Universidade Iberoamericana, México

# Economía política da crise na globalización

Economía política de la crisis en la globalización

*Political Economy of the Crisis in the Globalization*



**🔗 Resumo:** Coa crise puxéronse de relevo inconsistencias da teoría neoliberal monetarista, que se presentou como novo paradigma de política económica. Este novo paradigma situou ao mercado como único factor de asignación de recursos, sen terse en conta ao Estado, que constitúe o único elemento do sistema económico que permite o establecemento do marco xurídico institucional e que é factor de redistribución de recursos para evitar a desigualdade implícita dentro da igualdade do mercado. A crise ten demostrado que segue a ser un proceso violento de restablecemento do equilibrio, que rectifica as desigualdades xeradas polos mercados.

**🔗 Palabras clave:** Crise, políticas económicas, crecemento económico, comercio internacional, Economía mundial

**🔗 Resumen:** Con la crisis se puso de relieve inconsistencias de la teoría neoliberal monetarista, que se presentó como nuevo paradigma de política económica. Este nuevo paradigma situó al mercado como único factor de asignación de recursos, sin tenerse en cuenta al Estado, que constituye el único elemento del sistema económico que permite el establecimiento del marco jurídico institucional y que es factor de redistribución de recursos, para evitar la desigualdad implícita dentro de la igualdad del mercado. La crisis, ha demostrado, que sigue siendo un proceso violento de restablecimiento del equilibrio, que rectifica las desiguales generadas en los mercados.

**🔗 Palabras clave:** Crisis, políticas económicas, crecimiento económico, comercio internacional, Economía mundial.

**🔗 Abstract:** The crisis highlighted inconsistencies of neoliberal monetarist theory, which was presented as a new paradigm of economic policy. This new paradigm market stood as the sole factor allocation, without regard to the state, which is the only element of the economic system that allows the establishment of the institutional and legal framework that is a factor of redistribution of resources, to avoid unequal equality implied by the market. The crisis has shown, it is still a violent process of restoring balance, correcting the unequal generated in markets.

**🔗 Key words:** Crisis, economic policies, economic growth, international trade, global economy



## INTRODUCCIÓN

A economía real entra en crise estrutural, cando a estrutura produtiva da sociedade se ve freada polo seu mecanismo de funcionamento, feito que se pon en evidencia no aumento do desemprego, esgotamento dos instrumentos utilizados e nunha superabundancia de produtos. Se se produce un incremento da produción mundial e non medra a demanda global, concentrada no seu maior parte nas economías desenvolvidas, produto dunha saturación do consumo global; a acción e esixencia da tendencia decrecente da cota media xeral de ganancia provoca unha orientación do diñeiro, da produción a esfera da especulación. Razón que explica claramente o porqué dalgunhas das formulacións expostas en decálogo do “Consenso de Washington” e sen o cal é imposible comprender a orixe das famosas “burbullas inmobiliarias” que explotaron a finais do 2007, na industria hipotecaria estadounidense.

Para unha gran cantidade de estudosos a crise que se iniciaba a finais do 2007 era puramente financeira e resultado do outorgamento de créditos especulativos na esfera inmobiliaria. O inicio da crise orixínase desde o 1997 cando se produce un *boom* do prezo dos inmobles, cun crecemento aproximado no período en termos reais do 85 %. Este *boom* crea unha burbulla especulativa no devandito mercado, que a principios do 2009 tiña un valor aproximado de 13 billóns de USD, cun crecemento especial do mercado das hipotecas, en particular das hipotecas *subprime* cuxo valor na mesma época ascendía a 2,6 billóns. No sector inmobiliario de Estados Unidos o proceso é moi claro. Alí creceu a compra-venda de casas e de hipotecas sobre elas, á calor das apostas especulativas sobre o prezo futuro das vivendas. No período sinalado o prezo das vivendas medraba de ano en ano, de tal modo que era moi fácil pedir unha hipoteca, pois o aumento de prezo da casa compensaba rapidamente o custo da hipoteca. É neste momento, prodúcese un crecemento do endebedamento co seu efecto de impagabilidade da débeda, que orixina o estalido da “burbulla inmobiliaria”.

A crise mostrou que do mesmo xeito que no seu tempo a manufactura e a artesanía, que seguían desenvolvéndose baixo a súa influencia, chocaron coas trabas feudais dos gremios (Engels F.; 2012 p. 46-49), hoxe a gran industria, ao chegar a un nivel de desenvolvemento tan alto, non pode reducirse a un marco doméstico que non teña presente o proceso de globalización. Proceso que representa a partir da década dos 70, un cambio cualitativo no proceso de internacionalización do capital, como resultado dunha nova dinámica da acumulación internacional do capital, sustentada nunha nova división internacional do traballo.

Coa crise puxéronse de relevo as inconsistencias da teoría neoliberal monetarista, que se presentou como novo paradigma de política económica, coa chegada ao poder dos gobernos conservadores de Reagan e Margaret Thatcher. Este novo paradigma situou ao mercado como único factor de asignación de recursos, sen terse en conta ao Estado como factor regulador de políticas económicas, que o converte no único elemento do sistema económico que permite o establecemento do marco xurídico institucional dun país, ademais de constituír o principal factor de redistribución de recursos, para evitar a desigualdade implícita dentro da igualdade do mercado. A crise, demostrou, que segue sendo un proceso violento de restablecemento do equilibrio, ao cal induce o mercado se se parte que en todo proceso de compra venda existe unha igualdade que trae implícita unha desigualdade que se reflicte no proceso de distribución da riqueza. (Valdés, Jesus, 2011, p. 10-12)

Os acontecementos e a dinámica das crises, que acompañaron ao sistema desde a década dos 90, pon de manifesto unha peculiaridade importante da obxectividade da lei

da acumulación do capital nas novas condicións e é a súa esixencia pola necesidade da intervención do estado na vida económica, que se fai patente cando a especulación provoca un choque entre estrutura produtiva e o seu mecanismo.

O ignorar a intervención do Estado na vida económica como elemento regulador, é unha tese sobre politizada e sobre ideoloxizada (Valdés Jesus, 2012, p.35-36), en función de maximizar a utilidade das grandes empresas multinacionais. Co estalido da crise a obxectividade das leis económicas impónse e en especial a lei de acumulación do capital, nas novas condicións socioeconómicas a nivel internacional, producíndose un reclamo obxectivo de intervención do estado, para asegurar a eficiencia social.

A urxencia que a crise impuxo á intervención do Estado na vida económica e provocou que as decisións de política só teñan conducido a un proceso de socialización das perdas e de privatización das utilidades. O estado para o gran capital, que o marxinou nun momento, mostra que non é un mal administrador conxénito como pretenderon certos exorcistas e si unha necesidade para o funcionamento máis racional da economía no mundo actual. Porén o problema está en que se debe tomar conciencia de que se trata dun estado en condicións de existencia dun mundo globalizado, aspecto sen o cal é imposible de crecemento con estabilidade.

Neste artigo analízanse desde unha perspectiva posmarxista, importantes inconsistencias teóricas interpretativas en mundo actual mediante o uso da metodoloxía da economía política de Marx, onde o aspecto histórico e a dialéctica entre os procesos e fenómenos económicos son cruciais para poder comprender as causas dos fenómenos que ocorren na propia dinámica da sociedade capitalista.

## A NOVA ORDE ECONÓMICA INTERNACIONAL

A finais da década dos 60 e principios da década dos 70, prodúcense importantes cambios na economía mundial, que en parte, explican moito dos aspectos na economía internacional que son observados na actualidade. O inicio da década dos 70 constituíu o fin de moitas das disposicións de Bretton Woods, a principal delas a conclusión da condición de EEUU como “banqueiro mundial” e iníciase un proceso de investimento de capital por parte das Empresas Multinacionais cara ás economías en desenvolvemento buscando un mellor emprego dos factores produtivos co obxectivo de baixar custos e aumentar os beneficios, o cal provocou entre outras cousas: o despegue dos “dragóns” asiáticos e a limitación do Estado do Benestar en Estados Unidos, que Reagan axudou a diminuír máis a principios da década dos 80.

Por tanto é a década os 70, o momento onde comeza a desmontarse o Sistema Económico da Posguerra e se pon de manifesto unha certa “tendencia” a mostrar que a gran hexemonía de EEUU no mundo languidecía -polo menos no plano económico-, por tanto parecía que se produciría un proceso de redefinición da hexemonía global, cunha mutación á adaptabilidade dun mundo económico tripolar.

Na práctica, operábase un cambio na internacionalización das relacións capitalistas de produción sustentado nunha nova división internacional do traballo (Valdés Jesús, 2012). Como consecuencias as empresas dos países centros, sufriron grandes presións para obter maiores utilidades, feito que se converte en causa do esgotamento do Estado do Benestar e no proceso de expansión a nivel global do capital non regulado, que xunto á aparición do tipo de cambio flexible, acelerou os cambios na internacionalización do capital e precisou a aparición da globalización da economía: época onde as empresas minimizan o máis posible os custos e maximizan os beneficios producindo o mesmo e mesmo máis, xurdindo, tamén,

as “plataformas de explotación”, situadas en países de economía emerxente, aspecto que marca unha reformulación da explotación, a relación centro periferia e os termos en canto ás formas de desenvolvemento actuais (Valdés Jesús, 2012).

Preenciábase un momento histórico que moitos críticos chamaron “o novo Estado internacional e Goberno mundial de feito” -en sentido económico-, formado polas institucións, estruturas comerciais e importantes organismos globais coma o FMI, o Banco Mundial, a Unión Europea, o TLCAN, o ASEAN, o G-7. Estes actores convírtense en directores da economía mundial, minimizando o papel dos gobernos nas economías, observándose cada día un menor control sobre elas.

As grandes potencias desenvolvidas e en particular Estados Unidos debían ter totalmente en conta ás empresas multinacionais e incluír os intereses delas nas súas decisións, dado que manexaban nese entón, 2/5 do comercio mundial; tamén era necesario garantir os espazos dos grandes organismos globais, que marcan as liñas mestras e directrices da economía.

A nova división internacional do traballo, que deu paso á época da globalización iniciouse cun proceso de re-despregue industrial (Valdés Jesús, 2012), que consistiu en lograr un traslado de industrias situadas en países desenvolvidos cara países de economía emerxentes. Neste traslado, a atención ponse no feito mesmo, efecto que dá resultado na taxa de crecemento dos países emerxentes, pero non ao seu desenvolvemento en si mesmo. Este modelo silencia a existencia das clases sociais e en particular as clases máis marxinas das sociedades dos países en desenvolvemento, mediante a adopción de políticas económicas que tentaban minimizar a complexidade do mecanismo económico.

O estudo do sistema internacional a través da súa estatísticas mostra que durante a década dos 80 os maiores beneficiarios, da nova orde económica mundial, foron as economías desenvolvidas cunha taxa de crecemento media anual do 3.30% (ver táboa 1); pero na dinámica mesma e ao non terse en conta a lóxica da lei da acumulación e os efectos de tendencias de decrecemento na cota media xeral de ganancia, os centros do crecemento mundial desprazáronse cara ás economías emerxentes e subdesenvolvidas, en busca de composicións orgánicas de capital baixa, que permitisen maximizar a eficacia marxinar do capital, ademais de buscar novas formas de comercialización internacional sobre a optimización da produtividade dos factores produtivos. As economías en desenvolvemento tiveron cara o seu interior un crecemento media anual do 2.11% durante a década do 1981-1990, do 2.44% na década do 1991-2000 e 10.32% na década do 2001 ao 2010.

**Táboa 1: Taxas de crecemento medio anual en cada unha das últimas tres décadas (Por cen)**

	World	Econ. Des.	EE & CD
1981-1990	2.79	3.30	2.11
1991-2000	1.53	1.33	2.44
2001-2010	5.37	3.40	10.32

**Fonte:** Construída a partir dos datos do FMI

<http://www.imf.org/external/pubs/ft/weo/2012/01>

As economías emerxentes e subdesenvolvidas pola súa baixa composición orgánica do capital foron altamente vulnerables, de forma inmediata ás fórmulas especulativas das accións

de contrarrestar os efectos da tendencia decrecente da cota de ganancia nas economías desenvolvidas e que se manifestou nos crecementos dos fluxos de capital de portafolio.

Durante estas décadas o comportamento da inversión como porcentaxe do PIB, tivo unha tendencia a decrecer en 1.36% na economía mundial entre a década do 1981-1990 a 2001-2011, efecto que de forma similar é observado nas economías desenvolvidas cun decremento porcentual maior do 2.69%, para igual período. No caso das economías en desenvolvemento obsérvase un proceso inverso, cunha tendencia a crecer a súa participación dentro do PIB. De acordo ás estatísticas do FMI, nas economías en desenvolvemento do 1981 ao 2010 a taxa de crecemento de investimento estranxeiro directa neta foi de 39.48%.

Os fluxos privados de investimento en carteira ou de portafolio tiveron unha taxa de crecemento media nas economías en desenvolvemento do 96.2%, crecemento que evidencia nas condicións actuais a necesidade do gran capital de buscar conxuntamente cunha gran plétora de capital mellores taxas de rendibilidade do capital a nivel mundial, aspecto que fundamenta o porqué a especulación convértese en factor importante para contrarrestar os efectos da tendencia decrecente de cota media de ganancia. Non obstante este tipo de investimento que xera altos beneficios no curto prazo polo seu nivel de risco, orixina nas economías fortes dependencias do comportamento dos mercados financeiros e alta vulnerabilidade aos seus desequilibrios, efecto que se evidenciaron nun sen números de crises de índole financeira, que creaban a necesidade de volver re-analizar a intervención no mundo actual do estado e considerar como os aspectos culturais se convirten nun factor determinante do proceso de acumulación, á marxe das lecturas do decálogo presentado polo “Consenso de Washington” e do seu chamado aos procesos globais de desregulación.

## **DESIGUALDADES DE CRECIMENTO GLOBAIS OU ASIMETRÍA NO CRECIMENTO MUNDIAL**

Os efectos asimétricos no crecemento que impón a lei da acumulación do capital fixéronse evidentes desde os inicios da nova orde económica, na década dos oitenta, os grupos de países máis beneficiados foron: as economías de recente industrialización de Asia, que na década do 1981 a 1990 tiveron un crecemento medio 7.92% e en trinta e un anos do 1981 ao 2011 medraron a unha taxa media anual do 5.57%. É durante a década de 1991 a 2000, onde foi o menor crecemento deste grupo de países en parte polas afectacións que tivo durante a crise asiática. Os datos indican que durante a última década do século XX, estes países experimentaron unha pobre taxa de crecemento medio anual do 0.25% e en 1998 o PIB real caeu con relación ao 1997 nun -21.14%.

As chamadas Economías Asiáticas de Recente Industrialización, estudadas durante a súa crise só desde a óptica do mecanismo económico confirmaban a profunda complexidade da acción da lei da acumulación e as debilidades da especulación como aspecto que ía permitir contrarrestar a acción da lei da tendencia decrecente da cota media xeral de ganancia.

Pola súa parte as economías de Asia en desenvolvemento e dentro delas, China continental e a India, son outro exemplo de países beneficiados polo accionar da lei de acumulación baixo as novas condicións, con altos comportamento de crecemento económico a pesar da diversidade nos seus modelos de crecemento. China sostivo taxa de crecemento media anual de 9.76% na década dos 80, 10% na década o noventa e 10.29% na primeira década do século XXI; mentres que a India presentou taxas máis modestas pero tamén significativamente altas para as circunstancias e inestabilidades que se presentaron, sobre todo, na última década do

século XX no sueste asiático, mantendo taxas de crecemento medio anual do 5.39% durante 1981-1990, 5.62% no período 1991-2001 e 6.94% para a primeira década do século XXI.

Por que foron estas nacións de Asia as que experimentaron os maiores niveis de crecemento? En primeiro lugar hai que sinalar que nelas, do mesmo xeito que ocorreu no caso de Xapón na década do 70 cando se instrumentaron medidas para fortalecer o papel das MIPYMES na economía, é dicir un proceso de modernización que requiriu unha orientación e asistencia co uso de medidas de orde financeira, impositiva, tecnolóxica e de asesoramento, concentradas en sectores que prioritariamente se elixiron, independentemente da industria e que mostra as existencias de políticas governamentais orientadas á procura dun proceso de crecemento, aproveitando os efectos de redespregue industrial que se estaba producindo a escala mundial sobre a base da nova división social do traballo.

Os datos advirten que os países que integran o chamado grupo dos NIAE e os chamados AD, mantiveron a nivel global unha maior participación dos investimentos como porcentaxe do PIB. O caso dos NIAE na década dos 80 a media de participación foi de 29.70%, na década dos 90 obtívose unha media de participación que foi de 31.57%, mentres que na primeira década do século XXI foi de 26.16%. Pola súa banda os países DA, tiveron medias de participación do investimento como porcentaxe do PIB de 30.49%, 32.80% e 34.99% respectivamente. Ambos os grupos de países son os de maior participación do investimento como porcentaxe do PIB, situándose por riba da media mundial, efecto que se reflicte en baixas taxas de desemprego, por só citar o caso das NIAE, as taxas durante estas décadas estiveron situadas entre 2.85 e 3.97% da PEA. Cifras por baixo das que presentan outras rexións do mundo incluíndo o grupo de países do G-7.

Unha característica importante dos países NIAE e AD, é que son de poboación densa e cunha PEA considerable, por tanto posúen unha composición orgánica do capital máis baixa –por moito-, que as existentes en economías desenvolvidas como as do G-7 ou a Unión Europea. Por tanto isto permítelles ás grandes empresas multinacionais lograr unha maior valorización do capital. Cara o interior destes países dáse un emprego máis racional dos factores produtivos, coa súa respectiva minimización dos custos e unha maximización dos beneficios.

Por último é necesario considerar -que estes países asiáticos-, posúen unha cultura e disciplina, social e laboral diferentes á existente no mundo occidental (Taps Cott, Don, 1995, p. 365). No marco actual estes países e sobre todo os países AD, na etapa actual, poden ser considerados como centros de xeración de riqueza e propiciadores, de modelos de desenvolvementos diversos aos existentes no mundo occidental e non concibidos dentro do “Consenso de Washington”.

A nivel mundial na década dos 80, a inflación acumulada, de acordo aos datos do FMI foi de 163.09%, 19.03 puntos máis baixa que a inflación acumulada durante a década dos 90, que foi de 182.12% sendo os anos 1992 e 1993 os de maior nivel inflacionario, ao situarse as taxas en 34.64% e 34.77% respectivamente. É na primeira década do 2000, cando se alcanza unha inflación acumulada mundial de 39.55%. Por tanto na década dos 90 presentouse un deterioro no benestar a nivel global, pero non se deu de maneira igual para todos os grupos de países.

Os grupos de países que mellor situación macroeconómica presentaron durante a década dos 80 foron: o grupo de países que conforman o G-7, os países de Asia Desenvolvida, a Unión Europea e os países de Asia en desenvolvemento, eles mostraron unha mellora na inflación acumulada. Por tanto os dous grandes grupos de países asiáticos non só mostraron

boas taxas de crecemento económico, senón tamén unha tendencia á procura de estabilidade macroeconómica; exemplo concreto deste proceso é o caso de China e a India: no primeiro a inflación acumulada por décadas foi de 74.53% no oitenta, 77.7% no noventa e 18.69% na primeira década do 2000; no segundo caso as estatísticas foron 91.19%, 95.67% e 55.49% respectivamente.

## **OUTRAS REXIÓNS E A REAFIRMACIÓN DAS DESIGUALDADES DE CRECEMIENTO ECONÓMICO OU ASIMETRÍA NO CRECEMIENTO MUNDIAL**

Marx no tomo I de “O Capital” (Marx C; 1946, p.728-729), mostra unha dualidade na dinámica de crecemento económico como resultado o proceso de acumulación do capital: “nun polo medra a riqueza, noutro medra a pobreza”. Porén a pesar que advertía como a relación social de produción capitalista se convertía en formas de desenvolvemento das forzas produtivas sociais, en ningún momento fan unha referencia á intervención do estado, nin aos aspectos de índole cultural na vida económica. Na época da globalización, resultado das esixencias da acción do sistema de leis obxectivas o estado e os aspectos culturais convértese nun factor determinante do proceso de acumulación, á marxe das lecturas do decálogo presentado polo “Consenso de Washington”.

Durante a década do oitenta, noventa e primeira década do século XXI, os países asiáticos convertéronse en países que aproveitaron a reordenación do proceso determinado pola lei de acumulación baixo as novas condicións e desenvolveron cara ao seu interior, un proceso de capitalización e reconversión tecnolóxica. Pero outras áreas xeográficas víronse pouco favorecidas, mesmo caeron nun proceso de descapitalización, que acentuaron cara ao seu interior importantes deformacións na súa estrutura económica e social, confirmando ao subdesenvolvemento como unha forma de desenvolvemento en condicións dunha organización mercantil de produción a nivel global. As catro características económicas máis importantes que presentan estas rexións son:

- Ausencia na xeración de tecnoloxía, é dicir economías que constitúen importadoras netas de tecnoloxía tanto produtiva como organizativa, onde se xera un des-estímulo á forza do traballo cualificada nacional e un estímulo á súa emigración en busca de mellores posibilidades.
- Falta dun proxecto educativo coherentemente estruturado que aumente a cualificación da forza de traballo a todos os niveis.
- Indiferenza polo desenvolvemento dos mercados nacionais, que estimula a aparición e desenvolvemento dunha forte economía informal.
- O estímulo á economía da caridade, sen un fundamento social correctamente estruturado. (Valdés Jesus, 2012)

Os datos do FMI, amosan claras diferenzas entre os polos de riquezas e pobreza a nivel mundial

Na década dos 80 as economías desenvolvidas concentraban o 75.89% del PIB mundial, mentres nos 90 e na primeira década do século XXI a concentración foi de 71.69% e 68.32%. Pola súa parte as economías emerxentes e subdesenvolvidas participaban co 24.11% nos 80, 28.31 nos 90 e 31.68 na década do 2000. Incluso unha análise máis xeralizada de grupo de países amosa incluso diferenzas substanciais cara o interior das economías desenvolvidas e as economías emerxentes e subdesenvolvidas.



As estatísticas revelan a alta participación que teñen as economías desenvolvidas na creación do PIB mundial, as sete economías maiores que conforman o G-7, teñen unha participación do 77.43% durante o período 1981-1990, 80.15% na década que vai do 1991 ao 2000 e 79.86% na última década do século XXI. No entanto a dinámica de crecemento foi maior nos países do NIAE e do DA e amosan un crecemento de participación no PIB dentro do conxunto das economías mundiais. Un exemplo concreto é China, cuxo PIB constitúe na actualidade o 19 % do PIB mundial para se converter na segunda economía mundial.

Nun período de 31 anos -1980 ao 2011-, a poboación das economías desenvólvidas medrou a unha taxa media anual do 0.70%; mentres o seu PIB *per cápita* para igual período medrou a unha taxa media anual do 1.82%. No ano 2011 existía, a nivel mundial, unha poboación equivalente a 6916 millóns de habitantes, isto significa un PIB *per cápita* mundial de 88800.58 mil dólares anuais por habitante, por conseguinte a cada habitante do mundo correspondeulle en teoría 243.29 USD diario, é dicir un 6.6% máis que o ingreso *per cápita* mundial do 2010, que foi de 83206.44 mil USD e significou 227.96 USD *per cápita* diarios. No entanto arredor de 1,000 millóns de seres humanos viven con menos dun dólar ao día, viven en situación de pobreza. É dicir, o 14% da poboación mundial reflicten graves privacións en saúde, educación ou nivel de vida e 2,800 millóns de persoas, é dicir o 40.49%, viven con menos de 2 USD ao día (PNUD; 2010, p. 106-110). O PIB real *per cápita* nas economías desenvolvidas, segue sendo moi superior tendo unha diferenza significativa col PIB *per cápita* real das economías emerxentes e subdesenvolvidas.

As cifras son reveladoras dunha forte desigualdade económica e social e revélase coma un dos aspectos máis significativos do mundo contemporáneo e pode ser considerada coma unha das ameazas de maior envergadura que afectan á orde internacional na época da globalización e confirman a obxectividade e funcionamento da lei de acumulación do capital. O seu significado e importancia foron recollidos no Cumio do G-20 cando se realizou un recoñecemento ao impacto da continua crise nos países en desenvolvemento, en particular países de baixos ingresos, feito que require intensificar os esforzos para crear unha contorna máis propicia para o desenvolvemento, incluíndo o investimento en infraestrutura. Este cumio considerou unha necesidade a execución de accións políticas, para mellorar as condicións de vida a nivel global. Por tanto é necesario a estabilización dos mercados globais e a procura dun crecemento máis forte, para xerar importantes efectos positivos sobre o desenvolvemento e a redución da pobreza en todo o mundo (G-20 Leaders Declaration, p.1).

A acumulación de capital complicouse dunha forma tal, que a análise require de dous planos de análises da produción material: o nacional e o internacional. En cada un deles é necesario considerar variables de cortes políticas, especulativas e por aspectos de carácter cultural e os seus efectos reflíctense na esfera monetaria-financiera e comercial. As estatísticas mundiais mostran que a estabilidade macroeconómica e o san funcionamento das finanzas públicas están en relación directa ao crecemento das economías. Por tanto é imposible que se poida dar un crecemento con estabilidade a nivel mundial senón se minimiza a desigualdade nos niveis de crecemento.

O crecemento require estabilidade e a estabilidade necesita de crecemento. Na globalización estamos ante un complexo proceso determinado polas novas formas de funcionamento das leis económicas nos marcos de globalización. Por tanto os problemas que afectan á estrutura económica dos países teñen que ter solucións globais e domésticas, onde os gobernos xogan un papel importante nos procesos de regulación. O descoñecer este proceso levou ao desenvolvemento dun impulso especulativo, que elevaron a ganancia

e o risco a extremos máximos. Aínda que este proceso beneficiou ás grandes empresas multinacionais coa privatización das utilidades a socialización das perdas tivo repercusións de grandes dimensións para as sociedades industrializadas en especial a Zona Euro.

A análise da participación da economía emerxentes e subdesenvolvidas na formación do PIB mundial, ratifica o estudo da dinámica do crecemento e o desenvolvemento nos marcos da orde económica internacional, o grupo de países en vías de desenvolvemento de Asia, aumentaron o nivel de participación dentro do valor total da produción creada cara ao interior das economías emerxentes e subdesenvolvidas. Mentres que noutras rexións se observan pobres crecementos e mesmo pode afirmarse que, nos primeiros anos de adopción da paradigma neoliberal monetarista de política económica, moitos destes países viviron un profundo proceso de descapitalización.

**Táboa 2: Taxa de crecemento medio anual para grupos de países en desenvolvemento (Por cento)**

	EC e O	CEI	DA	AL e C	MO e NA	SA
1981-1990	-0.4	n.d	2.4	-0.89	-2.98	-2.63
1991-2000	3.44	9.06	5.63	3.93	2.5	-0.61
2001-2010	9.74	14.75	12.26	6.82	9.41	10.44

**Fonte:** Datos estatísticos do FMI. <http://www.imf.org>

A análise por década confirma comportamentos diferentes polas diversas rexións que conforman o mundo de nacións emerxentes e subdesenvolvidas. Por conseguinte é difícil avalialas coma un todo.

## **OS PAÍSES DE EUROPA CENTRAL E ORIENTAL E OS MEMBROS DA COMUNIDADE DE ESTADOS INDEPENDENTE**

Durante a década de 1991 ao 2000 dáse un proceso de re-acomodo das organizacións das estruturas dos países do centro e oriente de Europa como resultado do proceso de transición dun réxime de comunismo local a unha economía mixta inserida no proceso de globalización. Resultado da lei da acumulación expresada nun crecemento media anual do 3.44%, deuse unha mellora media, na década, do investimento como porcentaxe do PIB que paso a ser do 22.03%; pero non foi posible manter unha inflación baixa, sendo a inflación acumulada durante esta década de 689.29%. Nesta rexión, Turquía que non pertencía ao bloque euro soviético, tivo crecemento da 4.22% media anual e Bulgaria que creceu a unha taxa media anual do 3.65%. Países como Polonia, Hungría e Romanía tiveron taxa de crecemento media moi baixas para dar respostas ás necesidades sociais .

Un comportamento parecido dáse nos países da “Comunidade de Estados Independentes” (CEI), que inclúen aos países da antiga ex URSS, aínda que neste caso particular é imposible revelar datos da década dos 80, por formar estes países parte da desaparecida Unión Soviética, durante os 80 é innegable o proceso de descapitalización inducido por seguir cegamente a rivalidade militar con Estados Unidos e a necesidade de abrirse ao intercambio global, aspectos que fixeron necesario, a *perestroika* e o *glásnost*.

Co esborrallamento da antiga ex URSS, se ben as repúblicas que conformaban este estado multinacional adquiriron identidade propia, Rusia -centro desta confederación-

perdeu a súa identidade a pesar dos ánimos cos que a poboación secundou a *perestroika* e o *glásnost* (Gutierrez del Cid Ana T., 2009 p. 19). A súa recomposición necesitou dun reforzo das relacións existentes co resto dos estados da CEI, no económico, no concepto de seguridade e no establecemento de estruturas confederadas. Como ben considera a Dra. Ana Teresa Gutierrez del Cid, tanto no plano histórico cultural, como no estratéxico, Rusia debeu afastarse das primeiras concepcións da oposición liberal réxime soviético e reafirmarse noutro extremo ideolóxico, a tendencia imperial, que consiste en cumprir unha misión específica: reconstrución dun pasado polas consideracións históricas e culturais.

Durante a oposición liberal soviética, marcada pola década dos 90, Rusia manifestou unha caída do PIB da -1.88% media anual, unha inflación acumulada de 1555.65%, unha taxa de desemprego do 8.89% e unha débeda bruta como porcentaxe do PIB do 98.98%, indicadores que mostran un proceso descapitalización da economía Rusa. Ao pórse de manifesto a tendencia imperial, durante a década do 2000 este país ten unha taxa media anual de crecemento durante a década do 4.29%, a inflación acumulada é do 139.704%, o desemprego pasa a ser do 8% e a débeda bruta como porcentaxe do PIB pasa a ser dunha media do 25.11%. Por tanto Rusia redefine a súa posición ante as novas condicións do funcionamento da lei de acumulación do capital, mellorando o seu crecemento e con el, os indicadores de estabilidade macroeconómica, de comportamento das finanzas públicas e unha mellor inserción na economía mundial, o que constitúe un reflexo de capitalización da economía doméstica.

Rusia -como China e a India-, é unha economía que ratifica o crecemento como condición fundamental para a estabilidade macroeconómica, o comportamento das finanzas públicas e unha mellor inserción na economía mundial e mostra que non existe unha receita única para lograr un crecemento significativo como variable fundamental para o desenvolvemento. China, a India e Rusia constitúen potencias produtivas e posúen esquemas políticos diferentes.

## O CASO DE ASIA EN DESENVOLVEMENTO

Asia constitúe un caso particular e de gran interese, antes da década do cincuenta do século XX e durante 130 anos (Maddison A.; 1996 p. 50-51), tivo un débil crecemento; pero o diferencial de ingresos desta rexión cos Estados Unidos, que en 1950 era de 11 a 1, en 1992 reduciuse de 4 a 1. A historia mostra que a partir de 1950 o crecemento máis rápido tiverono Corea do Sur, Taiwán e Tailandia, aínda que países como Hong Kong, subiron considerablemente os seus niveis de ingresos.

Dentro dos países de Asia en Desenvolvemento, con excepción de China e a India, o resto das economías son pequenas polo seu tamaño e poboación. En sentido xeral nas últimas tres décadas estas economías creceron a unha taxa media anual do 4.32%, resultado onde inciden negativamente os comportamentos de Brunei Darussalam, durante a década os 80 cunha taxa de crecemento media anual de -0.6% e con taxa moi pobre de crecemento nas outras dúas décadas posteriores; Kiribati que na década dos 80 tivo unha taxa de crecemento media anual do -4.46% ; o resto das economías mantén taxas media anuais entre o 3% e o 7%, con excepción de China.

## AMÉRICA LATINA E O CARIBE

América Latina e o Caribe, por outra parte, constitúen un dos grupos de países máis importante dentro das economías emerxentes e subdesenvolvidas. Estes países teñen unha participación importante no PIB creado polas economías emerxentes e

subdesenvolvidas e a taxa de crecemento media anual de Latinoamérica para o últimas tres década foi do 3.17%. Considerando que as maiorías dos seus países foron os mellores alumnos do “Consenso de Washington”, os resultados podían avaliarse positivos, pero é necesario sinalar que este grupo de países por separado durante o noventa víronse sometidos a diversas crises economías financeiras , que provocaron a adopción de regulacións que superaron os aspectos presentados polo decálogo de Washington. Hoxe en día a rexión vese confrontada por unha sobre politización e ideoloxización dos seus modelos de desenvolvemento sen unha orientación clara, nunha gran cantidade de casos, onde pode situarse como exemplo a “Revolución petro-populista de Chávez en Venezuela”.

Na década do oitenta a economía latinoamericana foi unha regularidade dentro do proceso de descapitalización que viron as economías emerxentes e subdesenvolvidas, a taxa de crecemento media anual dela rexión foi do -0.89% e no contexto macroeconómico existían niveis de inflación altos sendo a inflación acumulada na década do 1776.80%. América Latina viviu proceso de hiperinflacións que significaron unha deterioración dos niveis de vida. A inflación na rexión convértese neste momento en problema central da economía.

Cambios ocorridos no paradigma de política económica a finais da década dos 80 permiten ver como na rexión comeza un proceso de diminución da inflación na década do noventa, sen que se poida afirmar a desaparición do proceso hiperinflacionario, con excepción do Chile que logra ter durante esta década unha taxa de inflación da 11.76% media anual (ver táboa 3), que aínda que pode catalogarse de alta é controlable. En México a taxa de inflación no período 1991-2000, reflicte o proceso de crise financeira vivida a finais de 1994 e que se prolongou até 1998 aproximadamente

**Táboa 3: Taxa de inflación media nas últimas tres décadas en países seleccionados de América Latina**

	Arxentina	Brasil	Chile	México	Venezuela
1981-1990	565.66	328.1	21.37	69.05	23.07
1991-2000	253.7	71.23	11.76	20.40	47.44
2001-2010	8.59	6.89	3.48	5.22	20.98

**Fonte:** Datos estatísticos do FMI. <http://www.imf.org>

